

• Cuestionario para o alumnado

ESCALA DE AUTOAVALIACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A APRENDIZAXE (ACA)

Estudar e aprender son actividades que requiren do uso dunha serie importante de competencias. Estas son diferentes dunha materia a outra, pero algunhas pódense considerar comúns. Nos novos planos de estudo que se fagan coa filosofía ECTS as competencias que se teñan identificado terán que ser especificadas e desenvoltas en cada materia. Polo momento, gustaríanos contribuir á formación do alumnado naqueles aspectos en que puideren necesitar apoio; por iso lle pedimos que responda ás seguintes cuestións. Por favor, sinala en que medida considera que vostede posúe cada unha das competencias que se presentan a continuación, tendo en conta que o 1 significa *Nada* e o 7 significa *Moito*.

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

1. Sei seleccionar a información máis importante na maioría das materias
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
2. Sei traballar en grupo co/as compañeiros/as de clase
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
3. Sei facer correctamente esquemas, cadros, resumos... para estudar
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
4. Sei discutir, comparar ou completar o material de estudo coa xente da miña clase
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
5. Sei como facer os traballos da maioría das materias
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
6. Deféndome ben falando nun idioma estranxeiro (inglés, francés ...)
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
7. Son capaz de ler un texto nun idioma estranxeiro (inglés, francés ...)
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
8. Comparto cos/as compañeiros/as o material de que dispoño para a aprendizaxe das materias
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
9. Sei como aplicar na práctica os coñecementos teóricos da maioría das materias
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
10. Exprésome ben por escrito
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
11. Exprésome de forma fluída cando expoño algo oralmente
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
12. Estou adquirindo as competencias ou habilidades necesarias para incorporarme ao mundo laboral
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
13. Aporto o máis que podo cando traballo en grupo coa xente de clase
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
14. Sei utilizar recursos informáticos para a miña aprendizaxe
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
15. Manteño unha actitude reflexiva en relación cos contidos das materias
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
16. Son capaz de poñerme no lugar dos demais en distintas situacións
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
17. Teño habilidade para relacionarme con xente diversa
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
18. Síntome motivado polos meus estudos
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC